



Camões, grande Camões

[Xosé Lois García](#) Escritor

20/out/24

No decorrer deste ano a lusofonía celebra o quíñentos anos do nacemento de poeta Luiz de Camões. Aférrome aos versos deste épico portugués, nesa proclama de inventariar os lindes do que é tempo no destempo, para desandar as desercións dos que careces de vitalidade ou os que parecen ter falta de resolucións vitais. Dado que o ser humano é ese bichiño tan enorme e, tamén, tan indecente, que mastiga seus escrúpulos e non chega a comprender que as mudanzas o confinan nas súas persistencias, tan efémeras como desleais. Aférrome ao pensamento camoniano, nese camiño sen retorno e con tantas encrucilladas, pola que vagueamos sen presentir o anuncio das mudanzas que cada lindeiro manifesta a perda do que xa non precisamos mastigar, esa flor amarga da nosa existencia cando non percibimos os signos das mudanzas que anunciou Camões: “Mudan-se os tempos, mudan-se as vontades. / Muda-se o ser, muda-se a confianza. / Todo o mundo é composto de mudança”. Precisan estes versos dunha reflexión ben nutrida de pensamento estoico para alentarse nunha meditación budista, cando a lúa chea impón nos ollos un espello soberano coa solemnidade dun vaticinio que os lindes da vida non se decatan de tantas mudanzas.

En Lisboa, fai anos, encontrei nunha librería do libro antigo, que os portugueses chaman “Alfa revista” e os brasileiros “Cebo”, merquei un libro co título: “O Memorial de Camões”. Unha especie de axenda, dietario, libro de horas ou breviario. Para cada día do ano hai fragmentos poéticos da intensa obra de Camões. Na parte final infórmase: “Começou a compor-se o presente Memorial aos X dias de junho de MDCCCXCII. Do 312 aniversário do falecimento de Luiz Camões”. Adoro esa pequena e delicada prenda, por tratarse dun coidadoso resume da poesía camoniana. No presente ano celebramos o medio milenio do seu nacemento, portento desa inmensa obra que Camões argumentou para ser memoria persistente dunha lingua, dunha cultura e dunha conciencia do que hoxe representa a lingua portuguesa en todas as particularidades desa nación aumentada en todo o mundo lusófono, que a representan mais de trescentos millóns de falantes.

Todos sabemos da orixe xenética galega de Camões; seu avó era pontevedrés refuxiado en Portugal por oporse ao rei de Castela. Seu neto evocou a grande Inés de Castro, filla do conde de Lemos, asasinada para evitar casorio co rei Pedro I, o tanto amor deste monarca a fixo0 desterrar e corouna de raíña. Un escenario dramático que Camões erixiuna no seu magno poema: Canto III dos Lusíadas, á dama de corpo seguro e “colo de garça”, a grande Inés. Tamén aos galegos dedicounos estes versos (adversos): “Ó sórdidos Galegos, duro bando, / Que, pera resistirdes,

vos armastes, /Aqueles cujos golpes já provastes”. Mais que ao pobo galego ían dirixidos ao coruñes Xoán Fernández, Conde de Andeiro, tan abominado polas clases altas protuguesas dado que era o amante de Leonor Téllez Meneses, raíña consorte de Fernando I, rei de Portugal, á morte de este foi proclamada raíña. Temerosos os portugueses de que o Conde de Andeiro, amante de Leonor, tomase o poder do reino, asasinaron ao Andeiro e ela refuxiouse en Valladolid onde finou. Non dubido que aqueles sórdidos galegos e duro bando, referíase Camões aos galegos que formaban parte das tropas do Conde de Andeiro, que eran os sórdidos do duro bando.